Concello de Muros

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ANUNCIO DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DAS AXUDAS A DEPORTISTAS DO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2025

ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía núm. 976/2025, de data 30 de outubro de 2025, adoptáronse os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Por Decreto da Alcaldía número 754/2025, de data 08-08-2025, aprobouse a convocatoria de bolsas para deportistas do Concello de Muros para o ano 2025. A convocatoria foi publicada no BOP núm. 157 do 20 de agosto de 2025.

SEGUNDO. De acordo co disposto nas bases reguladoras, o órgano instrutor, o monitor cultural do Concello de Muros, D. David Pastoriza Fernández, emitiu informe de data 14 de outubro de 2025 no que se recolle a relación de solicitudes admitidas e a proposta de valoración, logo da análise da documentación presentada e a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos.

TERCEIRO. Á vista do informe do órgano instrutor e da proposta de valoración, proponse a concesión provisional das bolsas ás persoas solicitantes e polos importes que se indican a continuación:

NOME E APELIDOS	DEPORTE	PUNTUACIÓN	IMPORTE
Víctor Ramos Sambade	Atletismo	100,00	500,00 €
Daniela Rama Figueiras	Tríatlon	90,00	450,00 €
Eva Formoso Recarey	Atletismo	85,00	425,00 €
Alejandra Formoso Recarey	Atletismo	85,00	425,00 €
María Fernández Martínez	Tríatlon	72,50	362,50 €
Rosana Fernández Martínez	Tríatlon	67,50	337,50 €
Jesús García Figueroa	Atletismo	67,50	337,50 €
Gonzalo Ramos Sambade	Atletismo	42,50	212,50 €
Lúa Lago Lago	Taekwondo	37,50	187,50 €
Miguel Ángel Castro Hernández	Atletismo	35,00	175,00 €
Noelia García Rama	Remo de mar	35,00	175,00 €

CUARTO. Condiciónase a concesión das bolsas a que a totalidade das persoas beneficiarias se atopen ao corrente das súas obrigas coa Facenda Municipal, coa Axencia Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, e non incorran en procedementos de reintegro ou perda do dereito ao cobro.

O expediente foi fiscalizado pola Intervención Municipal mediante informe de data 29-10-2025.

CVD: 9yhGMKt96R+gZfmOURaW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/

Concello de Muros

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a concesión provisional das bolsas a deportistas do Concello de Muros para o ano 2025, a favor das persoas e polos importes indicados anteriormente.

SEGUNDO. Abrir un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para que as persoas interesadas poidan presentar alegacións, solicitar a reformulación ou comunicar a desistencia da súa solicitude. Transcorrido este prazo sen comunicación expresa, entenderase tacitamente aceptada a bolsa concedida.

TERCEIRO. Para o pagamento das bolsas, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa prevista no punto 8 das bases da convocatoria, con data límite o 30 de novembro de 2025.

CUARTO. Dar traslado desta resolución á Intervención, á Tesourería Municipal e ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Muros, 30 de outubro de 2025

María Lago Lestón
A alcaldesa do Concello de Muros

CVD: 9yhGMKt96R+gZfmOURaW Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.muros.gal/